

17  
MAIO

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS



# A RAG celebra no Córghomo o poeta comprometido e vital e mais a resistencia cultural do exilio en México

O seu compromiso coa democracia custoulle o exilio. Na poesía tamén deixou constancia da súa loita antifranquista e satirizou sobre os prexuízos lingüísticos cando ninguén máis o facía. Pero Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987), malia o que lle tocou vivir, foi sempre un home vital, como proban esoutros poemas seus nos que canta ao viño, á sensualidade e á alegría de vivir, en Galicia e no país que o acolleu, México.

E ese espírito marcará o Día das Letras Galegas que a Real Academia Galega lle dedica este ano. A cita central será en Córghomo (Vilamartín de Valdeorras, Ourense), a súa vila natal, que será escenario do pleno extraordinario da institución, aberto ao público. Posteriormente, académicos e corgomeses compartirán polas rúas da aldea unha "Florenciada", un encontro que será, como a el lle gustaría, unha celebración en comunidade. Para a ocasión viaxarán dende América as súas fillas Celia, Carmiña e Maruxa, e os seus netos.

A sesión plenaria comezará ás 12:30 horas na Aira dos Bolos de Córghomo e poderás seguirse en directo dende academia.gal e a canle de Youtube da RAG.

A capital das Letras Galegas 2022 prepárase dende hai tempo para a gran festa deste 17 de maio cunha serie de actividades que se intensifican nas vésperas. Un serán poético, rutas por Córghomo para o alumnado das escolas da comarca, concertos e contacontos son algunhas das actividades interxeracionais anunciadas para estes días en Vilamartín de Valdeorras e outros concellos da comarca pola asociación As Letras de Florencio, composta por distintos colectivos, os municipios da zona e a Deputación de Ourense, que uniron esforzos hai anos para visibilizar o legado do seu poeta e reivindicar para el o Día das Letras Galegas.

**DE VALDEORRAS AO EXILIO MEXICANO.** A RAG celebrará o pleno extraordinario na Aira dos Bolos, un espazo cargado de simbolismo, lugar de encontro dos corgomeses para xogaren aos birlos, como retratou nos seus versos Florencio. Pero dende Valdeorras a Academia viaxará tamén a México, onde chegou en 1939 como exiliado a bordo do Ipanema, un dos

chamados buques da liberdade. Coas Letras dedicadas á súa figura, a Academia lembra tamén, por primeira vez nun 17 de maio, o papel da diáspora naquel país, un dos eixes do discurso do historiador Ramón Villares, que abrirá a quenda de intervencións académicas sobre o homenaxeado.

O poeta valdeorrés recoñecía no seu discurso de recepción na Academia como membro correspondente (1981) -recuperado pola institución nunha edición especial- que na posguerra Buenos Aires era a capital cultural de Galicia, pero reivindicaba tamén o papel dos homes e mulleres que, coma el, contribuíron dende México a "escorrentar as tebras culturais". Os medios de comunicación foron para eles unha ferramenta fundamental. Dende a radio ata revistas como Saudade e Vieiros, que Florencio codirixiu co cineasta Carlos Velo e Luís Soto, e que constitúe un episodio destacado da cultura galega durante a ditadura que neste 2022 cómpre tamén visibilizar.

A sesión plenaria continuará coa intervención da directora da Sección de Lingua da RAG, Rosario Álvarez, que afondará na contribución de Delgado Gurriarán á construción dun modelo de galego supradialectal escrito moderno. Da parte literaria ocupárase Xesús



Florencio Delgado Gurriarán

Alonso Montero, que xunto a Carlos Casares foi o primeiro académico en reivindicar un Día das Letras Galegas para Delgado Gurriarán a comezos deste século.

**SERIE DOCUMENTAL.** A lén da sesión plenaria, a Real Academia Galega está a celebrar as Letras Galegas de Florencio con intensidade na Rede. Este xoves estreou na súa canle de YouTube o quinto

e derradeiro capítulo da serie web documental Florencio Delgado Gurriarán. O soño da Galicia infinda. A narración audiovisual arrinca no capítulo 1 co retrato máis próximo e íntimo dun home conciliador e amigo do baile e da música. O episodio 2 conta a súa entrada en contacto co galeguismo organizado e a súa participación na resistencia republicana, escribindo en páxinas como as de Nueva Galicia. Portavoz de los antifascistas gallegos, onde viron a luz, entre outros, os seus versos satíricos sobre o golpista Francisco Franco; ou implicándose nos labores de evacuación cara ao exilio de compatriotas. O 3 profunda nos anos no exilio mexicano e o seu papel como activista cultural da diáspora galeguista, o episodio 4 repasa os distintos perfís da poesía que cultivou e o capítulo 5 detense na súa relación coa lingua galega

### MICROPEZAS E A PRIMAVERA DAS LETRAS PARA A INFANCIA.

A RAG está ademais a producir a serie de micropezas audiovisuais Polos vieiros de Florencio, que reúne voces de distintos ámbitos para ofrecer diversas olladas á figura do autor e á súa obra; difunde a través das redes sociais contidos como Palabras de Florencio, onde une a divulgación da poesía do ho-

menaxeado coa difusión do léxico galego; e, xa para o público máis novo, está a convocar a comunidade escolar arredor de Primavera das Letras (primaveradasletras.gal), unha páxina web na que se pode descargar a biografía de Florencio dirixida ao público infantil que asina Leticia Costas e ilustra Blanca Millán.

### NOVAS EDICIÓNS E UN SIMPOSI.

A Real Academia Galega publicará proximamente unha edición galega, ao coidado e anotada por Ricardo Gurriarán, da entrevista de Dolores Pla a Florencio Delgado Gurriarán, unha longa conversa mantida na cidade mexicana de Guadalajara no ano 1979 e conservada polo Instituto Nacional de Antropoloxía e Historia de México no marco do proxecto de historia oral dos refuxiados españois. O historiador, biógrafo e sobriño do homenaxeado, tamén se fará cargo dun volume que recollerá correspondencia de Delgado Gurriarán con persoeiros da cultura galega. Xa no outono, como é costume, a institución reunirá voces especialistas no simposio académico dedicado ao protagonista do Día das Letras Galegas deste ano. Tras o verán tamén se resolverá o concurso escolar Primavera das Letras.



**FAMILIA DELGADO GURRIARÁN.** Pola esquerda, diante, Carmiña, Maruxa e Celia, fillas de Florencio. Detrás, Roberto e Sara, netos do poeta, no Serán Poético celebrado o pasado sábado no Barco de Valdeorras, organizado pola asociación cultural Barullo. Fotos: Real Academia Galega

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Florencio Delgado Gurriarán

17 MAIO

## Florencio Delgado Gurriarán dende Valdeorras a México

“Díme o amigo Esturau que lle falaches por teléfono para invitarnos ó xantar que ides celebrar coa emposata do Día de Galiza. Dóvolas gracias a ti máis aos irmáns de México DF e sinto non poder estar con vosoutros en data tan esgrevia. Sinto tamén que, por causas nas que non quero profundar, haxa dúas celebracións do noso Día... A realidade é que, coma sempre, nós, que levamos o nome de irmáns, seguimos desvencellados o mesmo que un feixe sen biorta. E todo por falla de comunicación regular. Insisto na miña teima de sempre. Escribide, comunicade con tempo as cousas; non vos limitedes a falar dos vosos problemas aproveitando as miñas, ou vosas viaxes; contestade cando eu vos escribo [...] Mentiría se dixera que non me preocupa o voso silencio. Ogallá que, de hoxe en vante, perdades isa nugalla creoula que vos caracteriza e procedades como galegos espilidos e traballadores, que vos des. Tamén quixera que para o ano

64, se non estamos xa na Terra (¡queirao Deus!) ou debaixo dela (¡non o queira Deus!), se celebrara un verdadeiro DÍA DE GALIZA coa xuntanza de tódolos galegos, mesmo vellos residentes. E prégovos que non vexades nisto unha refuga á duplicidade de xantares diste ano (vosos motivos teredes), senón a expresión dun sincero desexo para o porvir”.

(Carta de FDG, desde Guadalajara, ao irmán galeguista Horacio Casas, en México DF; 24 de xullo de 1963).

Florencio Manuel nace en Córrego, Concello de Vilamartín de Valdeorras, en agosto de 1903, no seo dunha familia valdeorresa abastada. Súa nai Consuelo Gurriarán Díaz proviña de ferróns vasco-navarros con dedicación á vitivinicultura e aos labores ferreiros nas bocaribeiras do Sil e do Leira desde a Idade Media. Pola póla de seu pai, seu avó Constantino Delgado Gurriarán era agrimensor e propieta-

rio de terras. O pai de FDG, tamén Florencio, que era perito agrónomo, obrigou a familia a continuos traslados, desde que «Florencio» tiña seis anos: Ourense, Palencia e Valladolid. Nesta última cidade comeza estudos universitarios de dereito. Alá espertou cara ao «protonacionalismo» ao ler o xornal A

Nosa Terra, voceiro das Irmandades da Fala. Estamos a falar do treito temporal entre 1918 e 1924. Anteriormente lera a Rosalía, Curros e Cabanillas na biblioteca familiar de Córrego, onde tan só acudía os veráns. Estas lecturas despertaran a súa vocación poética. No ano 1928 retorna a Valdeorras, cando seu pai asentara na Coruña. Entre lecturas de clásicos galegos e franceses, paseos e reflexións, FDG buscou conseguir un sitio na profesión a través da preparación de oposicións para Rexistros, cousa que xamais acadou. Nesta volta

comeza a súa obra poética e vai ver a luz en diferentes xornais e revistas como Heraldo de Galicia, A Nosa Terra... Tamén participa nas estruturas asociativas de Córrego: organizaba festas, promovía actividades culturais...; e levaba preitos dos veciños, pois traballaba de pasante nun bufete do Barco. Florencio Delgado Gurriarán comezaría a actividade política organizada unha vez que o galeguismo cultural mudara cara á acción política, por medio das Irmandades. Daquela botou a andar a Irmandade Galeguista Valdeorresa, da que FDG formaba parte como representante de Córrego. Naquel 1930 tamén comezaría a celebrarse en Valdeorras a «Diada de Galiza», como festexo nacionalista, e editaron un manifesto en defensa da lingua. A Irmandade Galeguista Valdeorresa, mantén un contacto directo co nacionalismo ourensán e Otero Pedrayo, quen visitou Valdeorras en varias ocasións desde 1931. O propio FDG significa que eran preto de 60 ou 70 os galeguistas que había daquela na Irmandade, segundo manifesta na imprescindible entrevista que lle fixera Dolores Pla (México, 1979).

(Pasa á páxina 4)



Florencio Delgado Gurriarán, arriba dereita, cos seus pais e irmáns



## Fundación Pública Galega Camilo José Cela

Contacto: 981 81 24 25 ou visitas@fundacioncela.com  
Horario: luns a venres de 10 a 14 h.  
Entrada de balde  
www.fundacioncela.gal



## Casa Museo Rosalía de Castro

Contacto: 981 81 12 04 ou fundacion@rosaliadecastro.gal  
Horario: martes a sábado de 10 a 13 h e 16 a 20 h. Domingos / festivos de 10 a 13.30 h.  
Luns pechado  
PREZOS:  
Individuais: 2€  
Grupos +20 persoas: 1,50€  
Centros educativos (maiores 6 anos): 1€  
Centros educativos (menores 6 anos): GRATIS  
www.rosalia.gal



## Oficina de Turismo de Padrón

Contacto: 646 59 33 19 ou turismo@padron.gal  
www.padronturismo.com

◆ Luns 2 de maio ás 11.00 horas. Auditorio Municipal de Padrón. Contacontos ilustrado 'De Valdeorras a México. TERRA A NOSA!'. Polo Correo Do Vento Pequena biografía de Florencio Delgado Gurriarán. Dirixido a 6º de primaria do CEIP Flavia e CEIP Rosalía de Castro.

◆ Sábados 7, 14, 21, 28 de maio e 4 de xuño. Visitas teatrais 'Macías e Elvira, tres camiños, tres destinos'. Xardín Botánico Artístico de Padrón ás 12.00h (agás o 7, ás 12.30h). Visitas abertas ao público. Prazas limitadas. Inscricións: [www.padronturismo.gal/inscricions](http://www.padronturismo.gal/inscricions)  
Haberá visitas teatrais entre semana para os centros escolares de Padrón.

◆ Do 9 ao 20 de maio na Fundación Pública Galega Camilo José Cela. LETRESEO. Semana das Letras no Museo. Actividades especiais para os centros escolares. Semana de portas abertas para tódolos públicos na Fundación.

◆ O 10, 11 e 12 de maio na Fundación Pública Galega Camilo José Cela. Actuación de PAKOLAS para as escolas unitarias e infantil dos CEIP Flavia e CEIP Rosalía de Castro de Padrón.

◆ O 9 e o 24 de maio. Escape Room na Fundación Pública Galega Camilo José Cela para o alumnado do IES Macías o Namorado e o IES Camilo José Cela en colaboración con Arenaria Coordinación S.L.

◆ Mércores 11 de maio ás 11.00 h. Ofrenda floral no cemiterio de Adina en Iria Flavia. Evento aberto a todo o público no que participarán as autoridades e o alumnado do IES Macías o Namorado e o IES Camilo José Cela.

◆ Mércores 11 de maio ás 19.00h na Fundación Pública Galega Camilo José Cela, visita teatral Suso Martínez como 'Matías Marti'. Lembranza a Pedro Brandariz. Actividade para todos os públicos de balde. Inscrición na Fundación Pública Camilo José Cela, 981 81 24 25 ou visitas@fundacioncela.com

◆ Venres 13 de maio ás 20.00h no campo da festa en Iria Flavia. Contos e teatro de obxectos con 'O Peirao' de Diáspora Teatro. Público familiar.

◆ Sábado 14 de maio ás 20.00h no Auditorio Municipal de Padrón. Concerto das Letras Galegas a cargo da coral polifónica de Padrón, a coral polifónica de Betanzos e a coral polifónica de Carral.

◆ Luns 16 de maio pola mañá na praza de Macías. VII Festa da Lingua. No acto participarán o alumnado do IES Macías o Namorado e o IES Camilo José Cela.

◆ Luns 16 de maio ás 18.00h no Auditorio Municipal de Padrón. Concerto 'A miña lingua, a túa lingua' de O Viravai.

◆ Martes 17 de maio ás 12.00h. Visita teatral 'Camiño branco de Rosalía'. Visita para todos os públicos pola zona vella de Padrón. Punto de encontro o cruceiro de Fondo de Vila.

◆ Mércores 18 de maio ás 19.00h. Tertulias Clandestinas con Camila Trulock Bertonini nos Xardíns do Museo Camilo José Cela. Actividade para todos os públicos. Aforo limitado. Inscricións: [www.padronturismo.gal/inscricions](http://www.padronturismo.gal/inscricions)

◆ Venres 20 de maio ás 20.00h na praza da Capela de Pazos. Circo e acrobacias con '4.0' de Sue Moreno. Público familiar.

◆ Sábado 21 de maio ás 16.30h, ruta 'Rosalía nos Camiños'. Ruta de 15 km para todos os públicos. Punto de encontro: Monumento de Rosalía de Castro, no Paseo do Espolón. Inscricións: <https://emesports.es>

◆ Xoves 26 de maio ás 19.00h na Fundación Pública Galega Camilo José Cela. Inauguración da exposición 'Padrón Teu Camiño, Teu Destino'. Visita á exposición por parte da artista das obras, Loreto Blanco e actuación da cantante Nastasia. A exposición poderase visitar no horario da Fundación ata o 30 de xuño.

◆ Venres 27 de maio ás 17.00h na Biblioteca Municipal de Padrón. Obradoiro 'Quen fai un cesto, fai un cento'. Público xuvenil e adulto. Aforo limitado. Inscricións na Biblioteca Municipal.

◆ Venres 27 de maio ás 20.00h na praza do Santuario da Nosa Señora da Escravitude. Maxia con 'Superhero' de Fran Rei. Público familiar.

\*A programación poderá sufrir modificacións de acordo á situación sanitaria dese momento.

\*Todas as actividades son de balde.



XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21-22

Concello de Padrón

PADRÓN camiño e destino



CASA DE ROSALÍA

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CAMILO JOSÉ CELA

# Tranquilidad

No es solo una palabra.  
Es el apoyo que te da una compañía con más  
de 50 años de experiencia asegurando  
la tranquilidad personal y profesional  
del personal sanitario y sus familiares



LA MUTUA DE LOS  
PROFESIONALES SANITARIOS

900 82 20 82 / 913 43 47 00

Síguenos en      y en nuestra APP 

[www.amaseguros.com](http://www.amaseguros.com)



# DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Florencio Delgado Gurriarán

17 MAIO

(Vén da páxina 2)

Florencio Delgado Gurriarán enviara unha nota de adhesión á Asemblea Galeguista de Pontevedra, na que xurdiría o Partido Galeguista (PG). Naquel final de 1931, xa tiña escrito poemas de interese sociolingüístico e político, mais algún traballo en prosa coa agulla crítica posta na política caciquil e centralista, e avogando por «unha Confederación Ibérica dentro da Confederación Europea». A loita que por medio da pluma levou a cabo FDG foi unha constante en todo o período republicano: unha mancha de poemas publicados. Logo dun ano en Madrid para preparar as nunca consumadas oposicións, retorna a Valdeorras. Á volta, afíliase ao PG, logo da derrota governamental nas eleccións de novembro de 1933, que deixara o partido sen presenza parlamentaria. Os galeguistas valdeorreses participaron activamente na campaña.

Florencio Delgado acode á asemblea anual do PG en Ourense, en 1934. Neste escenario, onde coñece a Castelao, comezan as disensións no partido entre esquerdas e dereitas. Os valdeorreses asumen a liña de esquerdas que



Delgado Gurriarán (primeiro á dereita), nunha xuntanza republicana no Barco (1934). Foto: Ricardo Gurriarán

abandeiraba Castelao. Sería esta unha etapa de expansión do partido en Valdeorras. Logo dos acontecementos de outubro en Asturias, Castelao e Bóveda foron deserrados fóra de Galicia. Florencio Delgado e outros galeguistas valdeorreses acompañaron os represaliados no tren que viaxaban, des-

No 1934, chega o primeiro éxito literario de Florencio coa publicación da súa escolma de poesías *Bebedeira*, editado por Nós, con portada de Castro Arines, discípulo de Castelao

de Monforte ata o Barco. Logo, con motivo das penas de morte impostas, encetábase en Valdeorras unha campaña de recollida de sinaturas pedindo o indulto.

Nese 1934, chega o primeiro éxito literario de Florencio coa publicación da súa escolma de poesías *Bebedeira*, editado por Nós, con

portada de Castro Arines, discípulo de Castelao e galeguista. Flora, cromática da paisaxe valdeorresa, castiñeiros, vento, noite, amoríos, cepeiras, lúa, paxaros, moceo, viño, cores estacionais... en conversa permanente, ligados cun ritmo e unha rima especial, cheos dunha paixón embriagadora, coma o seu título, de musicalidade achandadora, fondamente sensual, difícil de catalogar dentro dos tradicionais codificadores ismos da vanguarda poética. Tivo unha notable acollida da crítica. Carballo Calero, Otero Pedrayo, Xohán L. Ramos e Antón Vilar Ponte deixaron positivas palabras do poemario.


Ata o golpe de Estado de 1936, publicacións galegas e bonaerenses recolleron poemas de Florencio Delgado en defensa da lingua e a terra. Deseguida, as atrocidades dos primeiros momentos do golpe aconsellaron agacharse, pois a proximidade da campaña do Estatuto e a mobilización do primeiro de maio delataban os que despois sería perseguido. FDG andou dun lado para outro. En outubro puido pasar A Raia por Tourém. Despois de pasar tempo en Porto, foi de polisión nun barco noruegués ata Bordeos, debaixo dunha cama.

## ROIS NO CAMIÑO DAS LETRAS GALEGAS



### A POETA ANALFABETA

Presentación do documental de Sonia Méndez  
Venres 20 de maio ás 20.00 Auditorio municipal de Rois



### COROCHAS

Contacontos para 0-3 anos da compañía Xarope Tulú  
Martes 24 de maio ás 18.00 Auditorio municipal de Rois



### GRAN XOGO SOBRE AS LETRAS GALEGAS

Para familias de nenos/a a partir de 6 anos  
Venres 27 de maio ás 17.30 Biblioteca municipal de Rois



### XOGO DE DONAS

Teatro Trangalleiro de Brión  
Venres 27 de maio ás 20.00 Auditorio municipal de Rois



### SCAPE ROOM NA BIBLIOTECA!

Actividades para familias de nenos/as de 8 a 13 anos dinamizada pola escritora Antía Yáñez  
Martes 31 de maio ás 18.30 Biblioteca municipal de Rois



### CONCERTO DE SOLISTAS

Escola municipal de música de Rois  
Sábado 18 e domingo 19 de xuño ás 18.00 Auditorio municipal de Rois



# MAIO 22 CULTURAL

LETRAS GALEGAS | Florencio Delgado Gurriarán

**4 DE MAIO**  
SERAFÍN MARCOS "COA LEDICIA DE VOAR"  
OBRA DIDÁCTICA SOBRE FLORENCIO DELGADO  
| DOUS PASES | CENTRO SOCIAL | PARA O IES DE BRIÓN

**7 DE MAIO**  
FEGATEATRO. TEATRO ESCOITADE PRESENTA:  
"DOMINÓ CELESTE OU QUE VAI SER DE TI, ERNESTO!"  
| 20:00 H. | CENTRO SOCIAL

**11 DE MAIO**  
A XANELA DO MAXÍN "O LA LÚA"  
VERSIÓN REDUCIDA DUNHA OBRA QUE VERSA SOBRE OS VALORES DA IGUALDADE E A NON VIOLENCIA  
| TRES PASES | CEIP DE PEDROUZOS

**13 DE MAIO**  
XOÁN CURIEL "CANTANDO AS NOSAS LETRAS"  
| 18:00 H. | SALA MUNICIPAL DE EXPOSICIÓNS

ENCANTO LITERARIO CON ÚRSULA HEINZE.  
COA PRESENZA DE LUIS A. GIRGADO, VÍCTOR F. FREIXANES,  
DOLORES VILAVEDRA  
| 20:30 H. | SALA MUNICIPAL DE EXPOSICIÓNS

**14 DE MAIO**  
FEGATEATRO. FARÁNDULA VELUTINA PRESENTA:  
"A DERRADEIRA BALA" | 20:00 H. | CENTRO SOCIAL

**16 DE MAIO**  
MÚSICA MIÚDA EN CONCERTO!  
VEN CANTAR E BAILAR COA MEIGA XELA, O DINOSAURO  
PEPÓN, E MOITOS MAIS PERSONAXES  
| 11:30 H. | ESCOLA DE OS ANXELES

CERIMONIA DE ENTREGA DO IV PREMIO LAUDAMUCCO  
Á DRAMATURGA PAULA CARBALLEIRA CABANA  
| 20:30 H. | SALA MUNICIPAL DE EXPOSICIÓNS

**19 DE MAIO**  
PRESENTACIÓN DA OBRA "RASTROS" DE ROBERTO VIDAL  
BOLAÑO A CARGO DE PACO MACÍAS DE EDICIÓNS POSITIVAS E  
LOIS BLANCO | 20:30 H. | SALA MUNICIPAL DE EXPOSICIÓNS

**21 DE MAIO**  
COPRODUCCIÓN CONDRESPÉS PRESENTA A OBRA  
"RASTROS" DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO  
| 20:00 H. | CENTRO SOCIAL

**23 DE MAIO**  
TITERS ALAKRAN "DESCONEXIÓN"  
| 10:30 E 12:30 H. | CENTRO SOCIAL |  
ALUMNADO DE 2º E 3º PRIMARIA CEIP PEDROUZOS

**25 DE MAIO**  
TITERS TANKARINA "A GALIÑA AZUL"  
| 10:30 E 12:30 H. | CENTRO SOCIAL  
ALUMNADO DE 1º E 4º DE PRIMARIA CEIP PEDROUZOS

**27 DE MAIO**  
ERIKA GONZÁLEZ "O TITIRIBALE: A SALA DE  
CATAPUNCHIMPÓN"  
| 11:00 H. | ESCOLA DE BASTAVALES

SERAFÍN MARCOS "COA LEDICIA DE VOAR"  
OBRA DIDÁCTICA SOBRE FLORENCIO DELGADO  
| 10:30 E 12:30 H. | CENTRO SOCIAL |  
ALUMNADO DE 5º E 6º PRIMARIA CEIP PEDROUZOS

**28 DE MAIO**  
VII ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA  
FEGATEATRO: DISFUNCIÓN CONTINUA PRESENTA  
"DEPARTAMENTO DE SELECCIÓN"  
| 20:00 H. | CENTRO SOCIAL

**31 DE MAIO**  
XAROPE TULÚ "COROCHAS"  
UN ESPECTÁCULO PARA CRIANZAS DE 0 A 3 ANOS CON  
NARRACIÓN ORAL, MANIPULACIÓN DE OBXECTOS E MÚSICA.  
| 10:30 H. | ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL



Concello de Brión  
www.concellodebrión.gal

CASA DA CULTURA | BIBLIOTECA MUNICIPAL  
Carballiño de Sta. Mía | Tfno.: 981 50 99 00 / 981 50 99 69  
MÁS INFORMACIÓN: www.concellodebrión.gal e  
https://bibliotecadebrión.blogspot.com

Escolas Os Anxeles/Bastavales  
Escola Infantil Municipal  
CEIP de Pedrouzos  
IES de Brión



# DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Florencio Delgado Gurriarán

17 MAIO

Logo foi a París, ata que, a comezos de 1938, pasou a Barcelona. Alá alístate no Exército, na Subsecretaría de Armamento. Ao pouco, xa como tenente, entra no Servizo de Información Periférico, dependente do Estado Maior, onde coñece a Guerra da Cal e a Lister, e se reencontra con Castelao, Santiago Álvarez e outros valdeorreses. No ámbito político, Florencio Delgado entra na Executiva do PG, como Secretario de Propaganda; e colabora en Nueva Galicia con poemas de combate, baixo o pseudónimo Nadel, que en alemán significa "agulla". En ocasións foi á fronte do Ebro, mais deseguida cambiaron os cometidos, cando comezaba a se osmar o desenlace final da

**Xa en México os galeguistas, entre eles Florencio, no plano asociativo e político, crearon o Ateneo de Galicia, o Fogar Galego e a Irmandade Galeguista; no ámbito publicístico, puxeron en marcha o grupo Saudade, coa edición de cinco números da revista homónima**

guerra. Primeiramente deseñaron unha operación de rescate dos que resistían en zonas ocupadas, a través de Portugal; logo outra, para preparar o exilio dos galegos con destino a América.

Para este labor creouse un comité de representación política de galegos, a Solidaridad Gallega Antifascista, que actuaba en coordinación co Frente Popular Antifascista Gallego (1937), liderado por Ramón Mosteiro. Esta sección das Sociedades Hispanas Confederadas (SCH) enviara líderes políticos a New York, como Osorio-Tafall, Castelao e Soto en 1938, e logo a Guerra da Cal, Suárez Picallo, Marcial Fernández, Ramón Martínez López e Emilio González López, en 1939, co fin de recoller cartos en actos de propaganda a favor da República entre as asociacións da emigración en EEUU.

Delgado Gorriarán, entre outros poucos galegos, principiando 1939, pasou a Francia con pasaporte republicano, visado polo goberno francés, o que lle permitiu mobilidade para preparar a evacuación ante a inminente derrota do Exército republicano. Alá, entre París e a franxa sur, con Valenzuela, que tamén pertencía ao



Florencio Delgado co seu irmán Edmundo no ano 1936. Foto: R. Gurriarán

Servizo de Información Periférico, Pla e Ramiro Isla, en coordinación cos organismos citados, sacaron galegos dos campos de concentración do sur de Francia. Finalmente, entre outras axudas, as SHC financiaron o Ipanema, barco onde moitos galegos puideron recalar en Veracruz o día de San Fermín, con Florencio Delgado entre os mil pasaxeiros.

Xa en México, traballou un tempo de organizador de explotacións agrarias colectivas, como delegado do SERE en Toluca. Despois, xa na

capital, pasou por múltiples ocupacións. Canto ao labor político, o primeiro sexenio foi moi pródigo. Os galeguistas, no plano asociativo e político, crearon o Ateneo de Galicia, o Fogar Galego e a Irmandade Galeguista; no ámbito publicístico, puxeron en marcha o grupo Saudade (1942), coa edición de cinco exemplares da revista homónima, cunha nova incursión na poética de FDG: o emprego de verbas da lingua «náhuatl» en diálogo co galego (fusión?), o que el denominaría poesía «crioula» ou poemas

mexicanos. En 1943, cun fondo significativo político, destaca a saída do prelo do Cancioneiro de loita galega, baixo a responsabilidade do PG e o coidado editorial de FDG. Un mollo de poemas homenaxeando os galeguistas asasinados pola barbarie franquista. En 1946, FDG preséntase a un concurso de traducións de poemas ingleses e franceses ao galego, organizado pola Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires. Gaña o certame xunto a Luís Tobío e Plácido R. Castro, e van ver publicados os seus poemas en 1949. Tamén no plano da unidade política significamos a constitución da Alianza Nazional-Galega (1943) e o seu órgano de expresión Galicia. Nesta iniciativa estaban o PG e todos os partidos estatais con presenza en Galicia.

Con Xohán López Durá, Florencio Delgado Gorriarán negociou, redactou e asinou o pacto Galeuzca (1944), en nome do PG, pouco antes de poñerse a trámite o Estatuto de Galicia nas Cortes españolas celebradas na Praza do Zócalo de México DF, en 1945. Naquel 1944 casou con Celia, filla de emigrantes galegos.

(Pasa á páxina 6)

Más que **CHOLLOS** para tu hogar

La mayor cadena nacional especializada en **MUEBLES Y DESCANSO**  
¡Por eso somos tan baratos!

APILABLE DE SALÓN

**279<sup>99</sup>€**

**Rapimueble**  
Una forma diferente



LA CORUÑA - SANTIAGO DE COMPOSTELA - LUGO - RIBADEO - OURENSE  
VIGO - PONTEVEDRA - CAMBADOS - LALÍN - VILAGARCÍA DE AROUSA

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Florencio Delgado Gurriarán

17 MAIO

(Vén da páxina 5)

Tamén foi delegado do Consello de Galiza de México e participou nas reunións previas á sesión parlamentaria citada. Logo de establecerse laboralmente como representante de medicamentos, Florencio Delgado Gurriarán pasou a residir en Guadalajara (Nueva Galicia, Jalisco) en 1951. Salientamos o papel de FDG como figura integradora e unitaria dentro do corpo activo do exilio, sen perder a identidade galeguista, ao tempo de servir de ponte co interior. Neste sentido foi importante o seu interese para abrir as publicacións a colaboradores externos e para que fosen máis alá do ámbito literario, cunha teima especial pola pureza e a unificación lingüística.

Desde a súa forzada marcha, o primeiro traballo publicado en Galicia foi o poema «Bocarrabeira valdeorresa», que aparece na revista Peña Trevinca-Montañeros de Galicia, en 1948. Nos anos cincuenta puxeron a andar o Padroado da Cultura Galega (1953). Unha entidade que xorde «co gallo d-afincar a irmandade dos galegos», e berce da revista Vieiros (1959), exemplo de edición, codirixida por Florencio, entre outras iniciativas literarias e radiofónicas. Neste tempo, desde Guadalajara dirixiu unha segunda andaina da revista Saudade e ten contacto directo cos galegos da capital: «Todos nós, de moi diversos matices políticos e sociais dentro do campo republicán; todos, liberais, ou marxistas, tiñamos un denominador común: o



Florencio Delgado Gurriarán a bordo do Ipanema con Roxelio Rodríguez de Breña, Andrés Valín, Carlos Tomé, Johán López Durá, Elixio Rodríguez e Serafín Ferro, entre outros. Foto: Arquivo de Ricardo Gurriarán

amor a Galicia, ao galego, e arelamos a autodeterminación para o povo galego».

Mais tamén ten relación epistolar con Francisco del Riego, quen o introduce nos tratados literarios que agroman daquela e os seus poemas recobran visibilidade en xornais e revistas galegas. Froito do contacto con Galaxia, edita o seu segundo poemario, Galicia infinda (1963). Como acontece en Galicia nese tempo, no galeguismo do exilio afloran desavinzas políticas e chegan as divisións. Floren-

cio avoga polos principios do PG e por celebrar as Letras Galegas no exilio. Segundo Elixio Rodríguez: «Florencio era un tipo moi especial no sentido de que todo o mundo o quería e non tiña roces con ninguén, ás veces enfadábase un pouco cos comunistas, porque os comunistas eran moi aborazados, tiñamos un proxecto de algo e os comunistas sempre querían a auga ao seu rego».

Daquela comeza a pensar no retorno ao país, logo de verse pechada a súa causa política en 1959.

Sen agachar a cabeza, tres veces veu a Valdeorras: en 1968, 1976 e 1981. Para ver os seus maiores a primeira, logo de trinta e dous anos de exilio; a segunda para contemplar como era o escenario posfranquista e albisar as posibilidades de revitalizar o vello PG, logo de visitar aquí os seus principais «axentes»; na última quixo contemplar a publicación compilada dos seus poemas de loita e combate, que xa tardaban; marchou para non volver, cunha doenza cardíaca. As cousas do destino: estivo

hospitalizado na Residencia Francisco Franco. Polo medio, o seu correligionario no tempo atrás, Xosé Gayoso, foi quen de introduci-lo na sociedade valdeorresa e galega como exiliado e poeta, coa axuda de Paz Andrade.

Foi nomeado académico correspondente na RAG, pregoeiro na capital valdeorresa e membro de mérito do Instituto de Estudos Valdeorreses. Publicou Cantareñas (1981) baixo o patrocinio do IEV e Isaac Díaz Pardo. Este último, foi tamén quen pulou por O soño do guieiro (1986), derradeira obra deste poeta valdeorres, republicano e galeguista, non sen problemas de edición coa «censura». A súa «manda testamentaria» quedou plasmada no artigo que fixo para o Congreso de Castelao de 1986, ao que non puido concorrer. Faleceu en Fair Oaks (California) o 14 e maio de 1987.

Este poeta moderno, bailón, «musiqueiro», cantador de tangos, fados, milongas, rancheiras, repeniqueador, namoreiro... e sobre todo sensible e agradecido, sendo republicano, matárono as coronarias. Naquela primavera que se foi, levou no peto un itinerario vital de compromiso coa terra, preñado de ética e dignidade persoal.

*Esta biografía de Florencio Delgado Gurriarán foi escrita por Ricardo Gurriarán a petición da Real Academia Galega e aparece na súa páxina web no espazo adicado ao Día das Letras Galegas*

## O 17 de maio hai que celebralo

Forma parte do noso ser máis íntimo:  
a memoria de **Florencio Delgado Gurriarán**

**Concello de COIRÓS**  
[www.concellocoiros.com](http://www.concellocoiros.com)

Venres 20 de maio ás 17:00 h.  
**NA CASA DA CULTURA**

**NARRACIÓN ORAL PARA PÚBLICO FAMILIAR CON VERO RILO**


**E A TI... QUE CHE CONTABAN?**

Inscripcións: 981 504 029 - 981 814 566  
[cultura@concello-detouro.gal](mailto:cultura@concello-detouro.gal)

Domingo 22 de maio ás 19:30 h.  
**NA CASA DA CULTURA**

**CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS 2022**

**BANDA DE MÚSICA ISABEL II DE TOURO**



TERRAS GAUDA

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 17 MAIO

## As súas obras como un sinal de identidade

Florencio Delgado Gurriarán comezou a publicar no Heraldo Gallego e A Nosa Terra. O seu modo de trasladar á letra impresa a paisaxe a través do que recibía del, o hilozoísmo, é unha das súas marcas. Exerceu como ninguén esa tendencia da primeira metade do século XX, caracterizada por unha sucesión de imaxes plásticas coa natureza como centro capital. O seu primeiro poemario, 'Bebedeira', que se encadra precisamente nese movemento, publicouno en 1934. Inclúe o ácido 'Home pequeno, fol de veneno', centrado en Franco. O seu título máis representativo é, con todo, 'Galicia Infinda', o que editou Galicia en 1963. A súa querenza pola nomenclatura orixinal ten o seu máximo reflexo en 'Loubanza á toponimia enxebre'. Florencio escribiu en revistas e prensa con moitos pseudónimos, por exemplo Nadel, Korgomófilo, Porto do Río, R. Miño ou Xan de Sil.



### LETRAS GALEGAS

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

## MELIDE 2022

DO 13 DE MAIO AO 17 DE XUÑO

Exposición  
Florencio Delgado Gurriarán, vida e obra  
Lugar: planta baixa do Concello de Melide

**16 MAIO**  
12:00 h Programa en Radio Melide dedicado a Florencio Delgado Gurriarán

**17 MAIO**  
19:00 h Melide e a literatura. 1º. Encontro con autores/as melidáns/ás no Día das Letras Galegas  
Lugar: centro sociocultural Mingos de Pita  
Participan: María Xesús Blanco, Fe Núñez, Antom Laia, Xosé María Santín, Paco Veiga, Xesús Lois Mariño, Luisa Pereiro, Xosé de Cea

O xurado do II Premio de Relato Curto en Prol da Igualdade dará a coñecer os gañadores/as

**6 XUÑO**  
12:00 h Música e lingua, co grupo ZENZAR  
Actividade dirixida ao alumnado do IES de Melide  
Lugar: centro sociocultural Mingos de Pita

**11 XUÑO**  
21:00 h O porco de pé, adaptación teatral da obra de Vicente Risco, dirixida por Quico Cadaval  
Lugar: centro sociocultural Mingos de Pita

**13 XUÑO**  
12:00 h O porco de pé, adaptación teatral da obra de Vicente Risco, dirixida por Quico Cadaval  
Actividade dirixida ao alumnado do IES de Melide  
Lugar: centro sociocultural Mingos de Pita



Por Cógomo de Valdeorras non anda a Santa Compaña, porque o bon viño escorrenta medos, trasnos e pantasma. Moucho, Valsadal, Chancelo... viñas de viño baril.




Vilamartín de Valdeorras

Concello de Cabana de Bergantiños

www.concello-cabana.es

Co Día das Letras Galegas

Florencio Delgado Gurriarán



Concello de Corcubión

www.corcubion.gal

Co Día das Letras Galegas





DÍA DAS LETRAS **GALEGAS** **17 MAIO**  
 Florencio Delgado Gurriarán



Na porta do comercio "Casa Gurriarán" do Barco de Valdeorras



Florencio Delgado, de pé, á dereita da imaxe, cos seus pais, Florencio e Consuelo, as súas irmás, Rocio e María, e os seus irmáns, Lucio e Edmundo



Delgado, no medio, nunha foto de feira. Á dereita, Ramón Cabanillas fillo.



Florencio coa súa dona Celia na viaxe de noivos en Veracruz (verán de 1944)



O escritor valdeorrés cos seus fillos no ano 1954 e cuns amigos en México no ano 1940



CAIXA RURAL GALEGA | ruralvía

**Florencio Delgado**  
**Día das Letras Galegas 2022**  
 17 de maio

caixaruralgalega.gal | rvía | rvía pay

17 DE MAIO

**Día das Letras Galegas**

Florencio Delgado Gurriarán

Concello de **Outeiro de Rei**  
 www.outeiroderei.org

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Florencio Delgado Gurriarán

17 MAIO

## Letras do exilio nos máis cativos: herdanza da Galicia republicana

A celebración do Día das Letras loce nos escaparates das librerías e nos andeis de novidades das bibliotecas do país. A obra poética de Florencio Delgado Gurriarán, ata este ano descatalogada, pode agora lerse en distintas edicións comentadas, título a título ou en antoloxías. As editoriais tamén levaron ao prelo biografías dirixidas a públicos de distintas idades para descubrir un poeta e mais unha persoa fundamental na organización galeguista na súa terra valdeorresa e, despois da Guerra Civil, no activismo cultural do exilio mexicano. Literatura infantil e xuvenil que achega a figura do autor, as súas letras e a súa historia ao público cativo e mozo de toda Galicia.

Xerais ofrece *Florencio Delgado Gurriarán. Obra poética*, un volume ao coidado de Xosé Ramón Pena que recolle a poesía do autor editada en vida en forma de libro e que se completa cun apéndice. Este conta con dezaseis composicións que, na súa maioría, foron publicadas en revistas

e xornais e non chegaron nunca a seren incorporadas aos poemarios.

A Editorial Galaxia encargoulle as edicións de *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963) e *O soño do guieiro* (1986) a Dulce Fernández Graña. No mesmo selo ve a luz Florencio Delgado Gurriarán. Poeta na terra, na guerra e no exilio, unha antoloxía a cargo de Xesús Alonso Montero que vai dende a poesía neotrobadoresca ata a negra dun autor que, salienta o académico no limiar, amosou unha extraordinaria preocupación polo idioma e escribiu unha serie de poemas sociolingüísticos, “insólitos no seu tempo”. A eles dedícalles un capítulo tanto na análise da obra como na escolma poética.

Florencio Delgado Gurriarán. Antoloxía poética é a escolma máis valdeorresa da poesía do autor. Editada por Galaxia, é unha iniciativa do proxecto *As Letras de Florencio* ao coidado da súa directora, Débora Álvarez Moldes, e Margarida Pizcueta Barreiro.

No apartado de títulos para se achegar á vida do autor, Galaxia reedita a biografía de referencia sobre Delgado Gurriarán, *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés*, republicano e galeguista, do historiador e sobriño do homenaxeado, Ricardo Gurriarán, publicada en 1999 pola desaparecida Edicións do Castro.

Miro Villar asina en Xerais *Florencio Delgado Gurriarán: vida e*

**O público infantil é destinatario dun amplo abano de opcións. A RAG tampouco esquece aos máis novos e ofrece na páxina web de Primavera das Letras a biografía infantil sobre o autor escrita por Leticia Costas.**

*obra dun poeta no exilio mexicano*, un libro divulgativo dirixido fundamentalmente ao alumnado de secundaria, aínda que serve igualmente como aproximación ao poeta para todo o público. Tamén en Xerais, Héctor Cajaraville presenta *Florencio Delgado Gurriarán. Polos vieiros da saudade*, unha biografía pensada para o público algo máis novo; e *Ir Indo* ofrece unha aproximación á vida do escritor e activista cultural, Florencio Delgado Gurriarán: nosa Galicia e máis que toda a Terra, de Tania Pérez e Xosé Ramón Campos.

O colectivo Polo Correo do Vento, como en edicións anteriores, diríxese aos nenos e nenas cunha pequena biografía ilustrada, *Florencio Delgado Gurriarán, de Valdeorras a México. Terra a nosa!*, publicada por Lela Edicións. O público infantil é igualmente o destinatario de *Florencio Delgado Gurriarán. Un legado infindo*, de Lucía Gómez Álvarez, unha proposta apoiada en pictogramas incluída na colección *Lectura Fácil* de Galaxia; Bolanda dedícalle ao autor o último volume da colección dos Bolechas das Letras Galegas e *Ir Indo* edita unha guía didáctica elaborada por Débora Álvarez Moldes. A RAG tampouco esquece o público máis novo e

ofrece na páxina web de Primavera das Letras a biografía infantil sobre o autor escrita por Leticia Costas.

O público máis novo é igualmente o destinatario de *Florencio Delgado Gurriarán fronte á exaltación da natureza*. Con texto de Xosé Antonio Perozo e ilustracións de Antonio Seijas, é unha edición da Deputación de Ourense co gallo da 8ª Semana Escolar das Letras Galegas.

A Deputación de Pontevedra, a través dos departamentos de Lingua e Memoria Histórica, presentará o 11 de maio Florencio, unha banda deseñada sobre o autor realizada de maneira coral polo alumnado e o persoal da escola O Garaxe Hermético. A coordinación correu a cargo de Kiko DaSilva, o ilustrador e colaborador de EL CORREO GALLEGO con Fernando Llor no guiño, Fernando Iglesias na rotulación de textos e Zaida Novoa, Pablo Prado, Miriam Iglesias, Damián Gómez, Eli García, Jorge Fernández, Chano Ripio, Iria Aldegunde, Antonio Recuna, Miguel Rojo, Fonso Barreiro e Mara Méndez nas ilustracións.

Cun amplo abano de opcións, o público novo pode achegarse ás letras dun autor fundamental na historia da lingua galega.

(Pasa á páxina 11)

17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Florencio Delgado Gurriarán

CONCELLO DE MUROS  
www.mueros.es

**DUMBRIA é única!**  
*co Día das Letras Galegas*

Florencio Delgado Gurriarán

Concello de Dumbria  
www.dumbria.com

Concello de Vimianzo  
www.vimianzo.gal

17 DE MAIO  
DÍA DAS LETRAS GALEGAS  
Florencio Delgado Gurriarán

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Florencio Delgado Gurriarán

17 MAIO

## (Vén da páxina 10)

A música tamén está moi presente na poesía de Florencio Delgado Gurriarán, tanto polos temas que expón en parte dos seus poemas como polo ritmo dos versos. O autor era un grande amante da música, un mundo que nesta celebración do Día das Letras Galegas dedicado á súa figura está a renderlle homenaxe con propostas dende distintos estilos. Artistas como Sheila Patricia, Manoele de Felisa, Raúl Diz e Fátima Delgado e Babykatze presentan nestas datas cancións baseadas en composicións do autor valdeorrés. Novas interpretacións que se suman a outras como a de Anxo Rei e que conforman un relato fluído que achega a este representante dos exiliados galegos de forma consciente noutros formatos e a todos os públicos.

Desta forma, o cantautor valdeorrés Anxo Rei comezou a cantar a finais dos anos 70 poemas de Florencio. Os primeiros elixidos foron *Pintura de feira* e *Galicia infinda*. Dúas décadas despois, no ano 2003, no centenario do nacemento do poeta, foi tamén o primeiro en levar a un disco versos do protagonista deste 17 de maio. O álbum, *Fronreira de cegoñas*. Verso de Florencio D. Gurriarán, está composto por once cancións, entre elas este *O ventío namorouse*, que volveu interpretar na biblioteca que leva o nome do poeta para a serie de micropozas da RAG *Polos vieiros de Florencio*.

**TRASCENDER O ÁMBITO EDUCATIVO.** Tamén dende terras ourensás, Raúl Diz acaba de presentar un álbum no que converte en cancións *Liorta*, *Miudezas*, *Matanzas e Doras do agro*, así como *Reiseñor* e *Aí vén o maio*, estes dous últimos poemas versionados no seu día por Anxo Rei. O traballo, *De Córcomo a Fair Oaks*, pode escoitarse no perfil de Todomedre na plataforma Bandcamp. O segunda voz da banda Os Amigos dos Músicos, mestre de profesión, mergullouse no proxecto dende a escola, co propósito de achegar os seus alumnos e alumnas á poesía a través da música, conta na revista *Vinte*, aínda que o resultado transcende o ámbito educativo.

A aposta da poeta e actriz Fátima Delgado, familiar do homenaxeado, pasa por fusionar os versos de Florencio coa música electrónica indo da man da música arxentina Babykatze, instalada en Vigo dende hai anos. O seu espectáculo, *Poesía e pulso*, propón unha actualización da obra do autor dende unha visión contemporánea.

Manoele de Felisa quere tamén renderlle a súa propia homenaxe a Florencio Delgado Gurriarán cunha escolma de poemas cantados que reunirá no libro disco *A infinda Galicia*. Incluirá, entre outras, versións musicais dos poe-

mas *A traxedia dos castiñeiros*. *O castiñeiro morto*, *A caldeira e Nomes*. O cantautor de Cuntis dará a coñecer os primeiros sinxelos este mesmo mes.

Sheila Patricia, unha das voces da nova canción de autora, celebra as Letras Galegas de Delgado Gurriarán cun espectáculo en solitario titulado igual có primeiro poemario do poeta, *Bebedeira*, no que musicou varios dos seus poemas. "Foi un pracer facer este traballo de composición musical para estas letras, tan coloridas, tan divertidas e tan bailables".

Dioivo escolleu o poema *Hai sede na nova Galicia* para lle render homenaxe a Delgado Gurriarán dende o metal. O tema súmase a outros do dúo vigués inspirados nas letras galegas como *Sempre pola morte esperas*, con letra de Rosalía, ou *Retorno a Tago Ata*, baseado na novela homónima de Xosé Luís Méndez Ferrín.

**CREAR DESDE A INFANCIA.** Desde o mundo escolar, Nacho Hermida, un dos pais do proxecto educativo musical Cholo e Nela e mestre do CEIP Julio Gurriarán Canalejas

do Barco de Valdeorras, presenta unha versión chea de alegría de *Aí vén o maio*, que interpreta xunto a nenos e nenas de infantil do seu colexio noutra colaboración da serie *Polos vieiros de Florencio*, e tamén no videoclip dispoñible na canle de Youtube do centro educativo.

Xurxo Souto escolleu o mesmo poeta para celebrar as Letras Galegas 2022 e fixo cantar os versos ao público que asistiu a un dos actos de *Valdeorras Infinda*.

O músico Samuel Soto tamén se suma ás homenaxes musicais a Florencio Delgado Gurriarán, aínda que

a súa é con letra propia. A canción que compuxo é percorrido pola vida do autor, seguindo unha fórmula que repite dende a celebración do Día das Letras de Antonio Fraguas no 2019.

A música é igualmente unha aposta xa consolidada na celebración do Día das Letras Galegas do Consello da Cultura Galega. Na véspera do 17 de maio o seu Concerto das Letras correu a cargo de Zoar, que estreou no Teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras *Díasporas*, peza composta pola ribadense Carme Rodríguez a partir de catro textos do poemario *Galicia infinda*.

## ROMERÍA DAS LETRAS

PAZO DE GOIÁNS-BOIRO 16 E 17 DE MAIO

BAIUCA

XISCO FEIJOO

NOVA GALEGA DE DANZA

LAURA LAMONTAGE E PICO AMPERIO

OS DA PORFÍA

XILBARBEIRA - AROÑA - ABELOURA

OS PEQUENOS DO BARBANZA

2022  
XIª Ed



CONCELLO  
DE  
BOIRO



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Florencio Delgado Gurriarán

17 MAIO

## Unha nova viaxe até a súa amada Valdeorras

Florencio Delgado Gurriarán escribiu a temperá idade un canto á natureza valdeorresa. Desde entón sempre quixo regresar a unha Galicia na que só puido estar catorce anos da súa vida. A exposición “Bebedeira de ensoños” devolve ao poeta ao seu fogar, que a guerra e a ditadura arrebatáronlle. “Moi ao seu pesar só puido estar catorce anos na súa terra, pero cun rico proceder, profesando fe de galeguismo e de republicanismo”, conta a Ricardo Gurriarán, familiar do poeta e comisario da mostra, realizada por editorial Galaxia e que pode verse no teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras

Con carácter informativo e didáctico, a mostra divídese en quince paneis explicativos que percorren a vida e a obra de Florencio Delgado Gurriarán, pero que ademais inclúen unha selección de obxectos persoais do autor, cedidos pola familia. Expostos en diferentes vitrinas hai manuscritos dos primeiros poemas, nos que

Delgado Gurriarán cantaba á natureza valdeorresa. Tamén as súas cartas con Castelao ou Otero Pedrayo, poemas inéditos ou as primeiras edicións dos seus catro poemarios, entre outros afeños.

“Polas súas veas corre esa gran ‘enchenta’ de identidade, de lingua e de cultura. Así o proclamou e así o difundiu desde diferentes circunstancias poéticas e escenarios. Era un home universal, un intelectual da modernidade naquel tempo, porque era capaz de realizar moitas cousas cun espírito de compromiso que levou toda a vida consigo”, conta Ricardo Gurriarán. A exposición, que viaxará tamén ás cidades de Ourense e Santiago de Compostela, mostra a vida e obra dun home que aínda que só estivo catorce anos na súa terra, demostrou sempre o seu amor por Galicia.

A súa poesía temperá está dedicada a Valdeorras, a Córrego, o seu lugar de nacemento. O cromatismo outonal da comarca, os



Pola esquerda, Fátima, Teresa e Elva Delgado; Maruxa, Carmiña e Celia Delgado, fillas de Florencio; Débora Álvarez Moldes, directora do proxecto As Letras de Florencio; Margarida Pizcueta, concelleira do Barco de Valdeorras; e Ricardo Gurriarán, historiador e defensor do legado de Florencio. Foto: RAG

castiñeiros e os ríos e riveras marcaron os seus primeiros escritos, nos que se fundía coa natureza. “Sempre quixo volver”, sinala Gurriarán, que explica que a primeira vez que Florencio Delgado regresou a Valdeorras tras 32 anos de exilio foi en 1968, para “despedirse” duns familiares.

A súa segunda visita foi en 1976, no escenario posfranquista, onde

albiscou a posibilidade de revitalizar o vello Partido Galeguista.

“O seu obxectivo fundamental era unificar o galeguismo, algo imposible naquel momento”, conta Gurriarán, que sinala que ese fracaso político, unido ao seu padecimento do corazón fixéronlle regresar de novo a México, lugar que lle acolleu tras a guerra e onde desenvolveu gran parte da súa vida.

“Marchouse dicindo ironicamente que quen lle ía a dicir que a unha persoa á que lle dá un infarto de miocardio ían ingresar na cidade sanitaria Francisco Franco cando é antifranquista”, engade.

En 1981 prodúcese a súa terceira e última visita antes da súa morte na localidade de Fair Oaks (California) no 1987.

José Carlos Rodríguez

## LETRAS GALEGAS EN DODRO

LUNS, 16 DE MAIO  
20.00 h - CPI de Dodro

Ruta “Os días olvidados”

Acto reivindicativo do Día das Letras para Eusebio Lorenzo Baleirón.

Presentación de “Clepsidras”, obra de Inma López Silva, premiada no certame de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021. Actuación musical de Su Garrido Pombo.

MARTES, 17 DE MAIO  
17.30 h - CPI de Dodro

MÉRCORES, 18 DE MAIO  
20.00 h - Manselle, se chove na Casa da Cultura

Presentación de “Palmeiras, piueiros”, obra de Anxo Angueira. Actuación musical de Secho.

Conferencia “Rías Altas, Rías Baixas” de Roxelio Pérez Moreira, Doutor en Ciencias Biolóxicas.

XOVES, 19 DE MAIO  
20.00 h - Casa da Cultura

SÁBADO, 21 DE MAIO  
16.30 h - Paseo do Espolón (Padrón)

Andaina Rosalía nos Camiños, inspirada na obra “En las orillas del Sar”, de Rosalía de Castro. Percorrido de 15 quilómetros por Padrón, Dodro e Rois.



CONCELLO DE  
DODRO

Concellería de Cultura e Patrimonio

981 80 24 72 - cultura@dodro.gal



Deputación  
DA CORUÑA

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Florencio Delgado Gurriarán

17 MAIO

## A súa poesía: da sensualidade e a musicalidade do son mexicano aos versos antifranquistas

O crítico literario e escritor Miro Villar, autor de Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta no exilio mexicano, divide en tres etapas a produción poética de Florencio Delgado Gurriarán: a da poesía de preguerra, debedora do hilo-zoísmo de Amado Carballo e na que destaca o seu primeiro libro, Bebedeira (1934); a da poesía de combate, con composicións moi belixerantes e satíricas contra os golpistas, algunha delas sobre o propio Franco; e a do poeta que emerxe décadas despois, o Florencio de Galicia infinda, “o seu mellor libro”, valora Miro Villar no primeiro episodio que sobre a Galicia Infinda realizou a Real Academia Galega e que se pode ver tanto na súa web como no canal de Youtube da RAG.

“En Bebedeira a natureza sae por todos os lados, unha natureza animada”, resume o docente e escritor Julio Pérez Veiga, outra das voces que ganduxan este percorrido pola poesía do autor ao que a Real Academia Galega lle dedica o vindeiro 17 de maio. “Estanos a

trasladar a paisaxe [de Valdeorras] a través do que el recibía dela: esas cores, eses cheiros, esa luz que despois reflicte nos seus poemas”, engade a directora do proxecto As Letras de Florencio, a filóloga Débora Álvarez Moldes.

O presidente da RAG incide noutro elemento clave na obra que inaugura o legado bibliográfico de Florencio: a sensualidade, expresada a través dun universo no que a boca da amada sabe a garnacha. “É un libro da alegría de vivir, da reivindicación e da afirmación da sensualidade da vida, do amor, dos costumes e das tradicións da terra de Valdeorras. Por iso se titula Bebedeira”, apunta Víctor F. Freixanes. “Mesmo podemos dicir que Florencio Delgado Gurriarán é un poeta erótico con toda a contundencia da palabra, nun momento en que a poesía amorosa era moito máis recatada”, subliña Miro Villar. “Bebe moito dunha poesía á que lle gusta a sensualidade dos corpos, do sexo. E iso é algo que el empeza na

literatura galega xunto con Ricardo Carballo Calero”, contextualiza.

**POESÍA POLÍTICA.** A segunda etapa, vital e como poeta, de Florencio Delgado Gurriarán está marcada polo golpe de Estado, aínda que con anterioridade a xullo de 1936 xa cultivara a poesía política, matiza o académico Xesús Alonso Montero, en referencia a poemas de claro contido galeguista e sociolingüístico previos á sublevación militar. O primeiro deste tipo, “Opiniós sobre o galego”, é de 1931, moito antes de que Celso Emilio Ferreiro escribise “Deitado fronte ao mar”, que comeza co verso tantas veces citado e recitado “Lingua proletaria do meu pobo”, recorda o académico en Florencio Delgado Gurriarán. Poeta na terra, na guerra e no exilio, outra das achegas editoriais sobre o protagonista das Letras Galegas 2022.

Parte da poesía propiamente de combate vería a luz durante a guerra nas páxinas de Nueva Galicia. Portavoz de los antifascistas galle-

gos, onde publicou, entre outros, versos satíricos sobre Franco como “Home pequeno, fol de veneno”, no que retrata como “alacrán con mando” ou “cobra pezoñenta”. Estes poemas serían reproducidos no Cancioneiro da loita galega (1943), editado, xa no exilio, polo Partido Galeguista en México.

“Estaba orgulloso da súa poesía política, aínda que quizais sabía que moitos dos seus poemas deste tipo literariamente non eran gran cousa, así o dixo el”, comenta Alonso Montero. Seguiu, de feito, a cultivar o xénero despois da guerra e recompilou vellos poemas xunto a outros novos n’O soño do guieiro (1986). O volume debe o seu título á poesía sobre Castela, o “Guieiro noso”, que o abre.

**‘GALICIA INFINDA’, UNHA ‘XOIA LITERARIA’.** O poeta máis plural e completo aparece nas páxinas de Galicia infinda, editado dende Galicia por Galaxia no ano 1963, cinco anos antes da súa primeira viaxe ao país dende o exilio. “Hai unha serie

de temas neste libro que o fan unha xoia literaria no conxunto da súa obra”, sentencia Miro Villar. Entre eles, unha mestizaxe galegomexicana que abrangue dende as paisaxes ata a lingua, con composicións que incorporan ao galego léxico náhuatl e topónimos mexicanos como “Xarabe tapatío”, “Xacaranda” ou “Atotonilco”.

Miro Villar destaca a forza tímbrica destas incorporacións ao servizo da creación poética, á que lle engade en ocasións os ritmos da terra de acollida. “Son poemas cunha musicalidade importante e, de feito, ten moitos, como ‘Rumba’ e ‘Noiturno da noiva jarocho. Son veracruzanos que a musicalidade non está só no título, senón que tamén se escita”, pon como exemplo o historiador Ricardo Gurriarán, familiar e autor da biografía de referencia do homenaxeado, Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista.

Débora Álvarez Moldes pon ademais o acento no labor minucioso de revisión que fai o poeta da súa propia obra. “Detrás da sinxeleza da súa poesía hai traballo e elaboración. Sempre me chamaron a atención as innumerables copias dos mesmos textos con ese retoque infindo, sempre estaba a reescribir”, conta na serie documental da Real Academia Galega.

**Galicia é a idea e somos parte dela.**

Feliz Día das Letras Galegas

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Florencio Delgado Gurriarán

17 MAIO

## Florencio Delgado. Letras desde o exilio

ALBERTO  
BARCIELA

Xornalista

A PALABRA CHEGA CO REFLUXO da marea, coa alta, con maio, coas Letras Galegas. Un barco procedente de México recalca en Córrego, nas terras de Vilamarín, alá por Valdeorras, para percorrer de novo o que son versos de Bebedeira. Segundo Ricardo Gurriarán: "Flora, cromática da paisaxe, castiñeiros, vento, noite, amoríos, cepeiras, lúa, paxaros, moceo, viño, cores estacionais... en conversa permanente, ligados cun ritmo e unha rima especial, cheos dunha paixón embriagadora, coma o seu título, de musicalidade achandadora, fundamente

sensual, difícil de catalogar dentro dos tradicionais codificadores ismos da vangarda poética".

A terra chama o home, rescata ao poeta. A nave do esquecemento convértese en memoria ategada de arrecendo de vocación política, de compromiso, esencialmente galeguista, de nostalxias pero tamén das distancias forzadas, de evocación necesaria. Florencio Delgado Gurriarán está entre nós para percorrer de novo a Galicia Infinita, editada por Galaxia nunha primeira recalada no país, alá por 1963, esa Galicia que nas



súas verbas "é mais que toda a terra".

Os seus versos ben os coñeceron e loaron Calero, Otero Pedrayo, Xohán L. Ramos e Antón Vilar Ponte. Agora, son xa de todos. Esa

é unha función esencial do que se celebra, as Letras; ese é un compromiso de restitución, un labor cultural impagable.

Espreguízase o vello castiñeiro, / vello petrucio, pai de cen anadas. / Ao quentor das luminosas labaradas / volve agromar, nun pulo brincadeiro. Non é para menos, é primavera, outra maáis das mil, dun renacemento, dun retomar os fíos da memoria, de tecer un novo modelo, e de celebrar a palabra libre e agarimosa.

A Real Academia Galega valorou a orixinalidade da produción poética de Florencio, que comeza coa edición de Bebedeira, no 1934, e que se desenvolve con distintos rexistros ata case o final da súa vida: Galicia Infinita (1963), Cantarenas (1981), O soño do guieiro (1986); aí están os valores das orixes xeográficas do autor, segundo o Presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, están "nas paisaxes, nos costumes, nos tipos humanos, mais non renuncia a outros rexistros, en parte, froito das circunstancias vividas: poesía política, denuncia e crítica social...".

Dinos tamén nas páxinas da RAG que está o falar de Valdeorras,

a súa expresividade e a súa música, o pulo da súas xentes, e está o México galego, traballos "a prol dos dereitos e a identidade política de Galicia, nos que recoñecemos figuras como Carlos Vello, Luis Soto, Alexandre Finesterrre, Francisco Comesaña, Luisa Viqueira, Caridad Mateos, Elixio Rodríguez, Yolanda López, Arturo Souto, Ramiro Illa Couto, Marcial Fernández, Ramón Cabanillas Álvarez (fillo do poeta Ramón Cabanillas), Xesús Bal y Gay, Carlos Tomé, Roxelio Rodríguez de Breaña, os irmáns Ánxel e Demetrio Bilbatúa..., empresarios, escritores, xornalistas, cineastas, editores, activistas políticos, músicos...". Canto queda por tecer, por coñecer, por reivindicar, por esclarecer.

Rosario Álvarez, presidenta del Consello da Cultura Galega deixou dito de Florencio que «foi o poeta da paisaxe», quizais a súa xeografía intelectual foi universal polas súas fondas raíces galegas, por ese modo de ver, vivir e entender o mundo desde unha distancia territorial e unha proximidade emocional, comprometidas.

O mar amainou. Melloras tempos son chegados.

Florencio  
Delgado  
Gurriarán

CONCELLO DE CARBALLEDO  
*Historia e natureza entre o monte Faro e río Miño*

Ribeira Sacra,

PATRIMONIO DE LA HUMANIDADE

17 de maio

Feliz Día das Letras Galegas

# O CPEIG recomenda ás persoas maiores ir “paso a paso” para avanzar no uso da tecnoloxía con motivo do Día de Internet

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) únese á efeméride do Día Mundial da Sociedade da Información –Día de Internet (#díadeinternet)–. Celebrarase neste 17 de maio dedicado neste 2022 a “Internet e as tecnoloxías dixitais para as persoas maiores e o envellecemento saudable”.

O presidente do CPEIG, Fernando Suárez, explica que as persoas maiores constitúen un segmento moi heteroxéneo e cada vez máis numeroso en Europa. En concreto, apunta que en España o 20% da poboación, nove millóns e medio de persoas, son maiores, e en Galicia mesmo se supera esta porcentaxe. Nesta tesitura, Suárez considera que o uso das tecnoloxías dixitais no colectivo das persoas maiores é xa un elemento “transversal e vertebrador” cada vez máis relevante pa-

ra a súa vida diaria que os axuda a estar presentes e ser participes na sociedade, a exercer os seus dereitos, a evitar a aparición da soidade non desexada e a envellecer de forma máis saudable. “A plena inclusión dos nosos maiores esixe establecer medidas e recursos sociais destinados a dar respostas enfocadas no respecto pleno á súa dignidade, dereitos, intereses e preferencias contando coa súa participación efectiva” –engade–.

Pero a situación actual é ben distinta, e Fernando Suárez apunta que a sociedade está inmersa nunha “transformación dixital acelerada” onde hai dispositivos, servizos e tecnoloxías non adaptadas ao colectivo de maiores, impedindo que poidan facer uso de servizos ou mesmo reivindicar os seus dereitos en igualdade de condicións que o res-

to. “Se queremos aproveitar o potencial destes avances maximizando a súa potencia democratizadora debemos promover, incentivar e defender que os dispositivos, produtos, aplicacións e servizos tecnolóxicos sexan accesibles para todas as persoas, con especial atención a Internet, para que mantenga o seu deseño universal e sen barreiras para calquera tipo de persoa maior e que lles proporcione as mesmas facilidades que ao resto da poboación. Só unha perspectiva integradora e global contribuirá a que todos os cidadáns poidamos aproveitar a informática para garantir o desenvolvemento persoal, a mellora da vida diaria, así como un envellecemento máis enriquecedor” –advirte–.

O CPEIG levará a cabo este ano accións destinadas a potenciar a importancia do talento e a experiencia

sénior para darlles cabida na sociedade, buscando fórmulas, a través da informática, para que as persoas maiores poidan seguir achegando talento e experiencia. “Situarse ás persoas maiores no centro do desenvolvemento tecnolóxico faranos mellores como sociedade” –sentencia–.

**ORETO #CAMINAENDIGITAL FINALIZARÁ O 20 DE MAIO CUN ESCAPE ROOM E UNHA ENTREGA DE PREMIOS.** Unha destas actividades para potenciar o uso das tecnoloxías entre as persoas maiores é #CaminaenDigital, acción enmarcada no Día de Internet 2022. As actividades desta iniciativa están promovidas pola asociación Somos Digital, coordinadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia a través da súa Red CeMIT e apoiadas polo CPEIG.

Estase a celebrar o Reto #CaminaenDigital, unha actividade colaborativa e lúdico-formativa na que 75 persoas maiores de 7 Centros de Competencias Dixitais de Galicia –aulas CeMIT: Fisterra, Vigo, Guitiriz, Ortigueira, Castrelo de Miño e Cuntis, e como centro colaborador de CeMIT a Federación Galega de Asociacións Universitarias Sénior (Fegaus)– aprenden destrezas dixitais e actívanse fisicamente sumando pasos nas súas contornas para realizar o Camiño de Santiago de forma virtual e sumar os 764 quilómetros. Camiñan día a día polas súas proximidades, sacan fotos, gravan vídeos e rexistran e comparten estas experiencias a través da páxi-

na web <https://caminaendigital.com/>, do espazo na rede social Facebook <https://www.facebook.com/CaminaEnDigital/>, na que as imaxes e vídeos con máis “Gústame” levan premio, e do hashtag #CaminaenDigital. En total, están inscritos preto de 80 Centros de Competencias Dixitais de España.

Fernando Suárez recomenda ás persoas maiores ir “paso a paso” para avanzar no uso da tecnoloxía, sen ter medo e asumindo que vai ser un proceso de aprendizaxe lenta. “A pandemia puxo en evidencia que xa vivimos nunha sociedade tecnolóxica e que nos dous últimos anos produciuse unha aceleración da transformación dixital polo teletraballo, a educación a distancia, as compras electrónicas ou o afianzamento das plataformas de ocio dixital durante os confinamentos. Por iso, o obxectivo é usar as vantaxes desta economía intelixente e implantar accións inclusivas para non deixar a ningún colectivo poboacional á marxe” –sinala–.

O reto finalizará o vindeiro 20 de maio cun Escape Room onde os centros porán a proba as súas competencias dixitais, a visualización de vídeos das persoas maiores contando as súas experiencias coa tecnoloxía, e un acto de entrega de premios aos participantes e centros gañadores.

Tamén dentro deste proxecto celebrarase o 30 de maio o seminario “Viaxa e descobre novos mundos desde o dixital” na Red CeMIT de Galicia que impartirá o CPEIG.. **VÍA LÁCTEA.**


Florencio Delgado Gurriarán


---

**DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

---

17 DE MAIO





Concello de **Cartelle**

[www.cartelle.es](http://www.cartelle.es)



Muíños da Freixa

**POIO**

Municipio de Interese Turístico

Feliz día das Letras Galegas



Concello de **Poio**

1. Porto Deportivo de Combarro
2. Centro Arqueolóxico da Caeira
3. Festas de S. Xoán
4. Mirador de Samieira

[www.concellopoio.gal](http://www.concellopoio.gal)



## Día das Letras Galegas

### 17 de maio



Florencio Delgado Gurriarán



Concello de **CASTROVERDE**

# MALPICA

Letras galegas 2022

# NUN MAR DE LETRAS







**Martes 17 de maio**

**Día da letras galegas 2022**

**12.00 h** Inauguración da sala **Non canto por cantar** - Centro Artesanía e Tradición (CAT) (antigo Centro Comarcal de Bergantiños)

**17.00 h** Representación do espectáculo familiar **'Rosalia'** de Culturalactiva - Ecomuseo do Forno do Forte (\*Entrada de balde. Inscripción ao inicio da actividade)


**18.30 h** Concerto de música infantil de **Charo Pita** co espectáculo **'A familia Papaventos'** - Praza Anselmo Villar Amigo. (\*Entrada de bald. Inscripción ao inicio da actividade)

**Do 20 de maio ao 30 de xuño**

**Exposición de pintura: 'Carrexadoras'** de Viki Rivadulla - Espazo expositivo do Centro Cívico de Malpica

**Venres 27 de maio**

**12.00 h** Presentación da Bases e convocatoria do **XVII Certame de Poesía Erótica "Illas Sisargas"**. Organiza A.C. Caldeirón - Salón de plenos da Casa do Concello.



“Nosa Galicia é máis que toda a Terra.  
Galicia só limita coa Saudade, elástica fronteira  
que serve para o tempo e para o espacio  
onde un galego está, atópase ela.”

Florencio Delgado Gurriarán

PSN únese unha vez máis á celebración  
do día das **Letras Galegas**



Previsión Sanitaria Nacional

Santiago de Compostela Rúa do Hórreo 11, Bajo. | La Coruña Rúa Juana de Vega, 6. | Lugo Rúa do Progreso, 6, Bajo.  
Ourense Rúa Papa Juan XXIII, 21. | Pontevedra Rúa Marqués de Riestra, 9.  
Vigo Rúa Policarpo Sanz, 1. | Ferrol Rúa Magdalena, 49 Bajo.